



Resolución da Dirección Xeral de Xustiza, pola que se ofrecen aos aspirantes aprobados nas probas selectivas para ingreso no Corpo de Médicos Forenses, quenda libre, convocadas por Orde JUS/1287/2022, do 22 de decembro, as prazas correspondentes ao ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia

De conformidade co establecido na Base Novena da Orde JUS/1287/2022, do 22 de decembro pola que se convoca proceso selectivo para ingreso, polo sistema xeral de acceso libre, no Corpo de Médicos Forenses, resólvese:

Primeiro. – Abrir o prazo para solicitar praza (da relación incluída no anexo I) para aqueles aspirantes que superaron o proceso selectivo para ingreso polo sistema xeral de acceso libre no Corpo de Médicos Forenses convocado por Orde JUS/1287/2022, do 22 de decembro.

Segundo. - As solicitudes de destino dos aspirantes presentaranse a través da sede electrónica no prazo de cinco días naturais contados a partir da notificación da presente Resolución ou ben enviando un correo electrónico á seguinte dirección (servicio.persoal.xustiza@xunta.gal) indicando no asunto "elección destino médicos forenses".

Terceiro. - As solicitudes formalizaranse segundo modelo que aparece como Anexo II desta Resolución de acordo con as seguintes instrucións:

No modelo de instancia poderán relacionarse ata o máximo de prazas coincidentes co número de persoas aprobadas (un total de 3), indicando o órgano, a localidade, a provincia e a función.

Cuarto. - Procederase á adxudicación de destinos segundo a orde obtida en todo o proceso selectivo.

Quinto. - Ningún aspirante poderá anular nin modificar a súa solicitude unha vez terminado o prazo de presentación de solicitudes.

Sexto. - De non formular solicitude de prazas ou non corresponderlle ningunha das solicitadas, procederase a destinalle, con carácter forzoso, a calquera das prazas non adxudicadas.

Sétimo. - A adxudicación dos destinos farase con carácter forzoso, de acordo con a orde de puntuación obtido nas probas selectivas no ámbito da Comunidade de Autónoma de Galicia.





Oitavo.- Os destinos adxudicados terán carácter definitivo equivalente para todos os efectos aos obtidos por concurso, sen que poidan participar neste ata tanto non transcorresen dous anos desde a data da resolución na que se lles adxudique destino definitivo. Para o cómputo dos dous anos estarase ao establecido no parágrafo segundo do artigo 529.3 da Lei Orgánica 6/1985 do 1 de xullo do Poder Xudicial.

Noveno.- Contra a presente Resolución, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes, ante a Dirección xeral de xustiza da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ou contencioso-administrativo ante o órgano competente, no prazo de dous meses.

O Director xeral de Xustiza

José Tronchoni Albert





ANEXO I.-

LISTAXE PRAZAS DESERTAS.
QUENDA LIBRE CORPO MÉDICOS FORENSES (ORDEN JUS/1287/2022)

Provincia	Posto	Unidade
A Coruña	XG9251820015001302	IMELGA. Subdirección Territorial da Coruña
A Coruña	XG9251820015001304	IMELGA. Subdirección Territorial da Coruña
A Coruña	XG9251820015001305	IMELGA. Subdirección Territorial da Coruña
A Coruña	XG9251820015001306	IMELGA. Subdirección Territorial da Coruña
A Coruña	XG9251820015001307	IMELGA. Subdirección Territorial da Coruña
A Coruña	XG9251820015001309	IMELGA. Subdirección Territorial da Coruña
A Coruña	XG9251820015350301	IMELGA. Subdirección Territorial de Ferrol
A Coruña	XG9251820015350303	IMELGA. Subdirección Territorial de Ferrol
A Coruña	XG9251820015350304	IMELGA. Subdirección Territorial de Ferrol
Lugo	XG9251820027001305	IMELGA. Subdirección Territorial de Lugo
Ourense	XG9251820032001301	IMELGA. Subdirección Territorial de Ourense
Ourense	XG9251820032001303	IMELGA. Subdirección Territorial de Ourense
Ourense	XG9251820032001304	IMELGA. Subdirección Territorial de Ourense
Ourense	XG9251820032001305	IMELGA. Subdirección Territorial de Ourense
Pontevedra	XG9251820036001301	IMELGA. Subdirección Territorial de Pontevedra
Pontevedra	XG9251820036001302	IMELGA. Subdirección Territorial de Pontevedra
Pontevedra	XG9251820036001305	IMELGA. Subdirección Territorial de Pontevedra
Pontevedra	XG9251820036560307	IMELGA. Subdirección Territorial de Vigo





ANEXO II

SOLICITUDE DE DESTINO PARA OS/AS ASPIRANTES APROBADOS/AS NAS PROBAS SELECTIVAS CONVOCADAS POR ORDE JUS/1287/2022, DO 22 DE DECEMBRO, QUENDA LIBRE, PARA INGRESO NO CORPO DE MÉDICOS FORENSES QUENDA LIBRE

PRIMEIRO APELIDO:.....				
SEGUNDO APELIDO:				
NOME:			NIF:.....	
Número de Orde Proceso Selectivo:				Tfno.:
				Email:
Ámbito Territorial no que realizou as probas selectivas:				
Destino por Orde de preferencia (ver convocatoria de prazas)				
CENTRO DE TRABALLO				
Nº. orde	Descrición unidade	Función	Localidade	Provincia
1				
2				
3				

O/A solicitante CONSENTE que o centro xestor do proceso de adxudicación de destino acceda ás bases de datos das Administracións, con garantía de confidencialidade e aos exclusivos efectos de facilitar a verificación dos datos de identificación persoal, número de orde obtida na oposición e ámbito territorial de realización das probas selectivas consignados nesta instancia.

En caso de non consentir, marque a casa debendo, neste caso, achegar a documentación acreditativa, todo iso nos termos e prazos previstos nas bases da convocatoria e resto de normativa vixente.

En a..... de de 2024

Asdo.

